



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

**ALEGACIÓNS DOS REPRESENTANTES DAS ONGD GALEGAS
NO CONGACODE AOS 3 DOCUMENTOS:**

- **AVALIACIÓN DO I PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN DA
COOPERACIÓN GALEGA AO DESENVOLVEMENTO 2006-2009.**
- **PROPOSTA DE II PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA AO
DESENVOLVEMENTO 2010-2013.**
- **PROPOSTA DE PLAN ANUAL DA COOPERACIÓN GALEGA AO
DESENVOLVEMENTO 2010.**

Presentadas polos representantes das ONGD galegas no CONGACODE:

Ángel Bañobre	(Fundación Cume)
José Luís Quintela	(IntermónOxfam)
Juan Redondo	(Cruz Vemella Española)
Xosé M ^a Torres	(FARMAMUNDI)
Francisco Vallverdú	(Educación Sen Fronteiras)

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2010.

INTRODUCCIÓN

En relación cos tres documentos presentados, e dada a importancia de cada un deles, pero sobre todo do II Plan Director da Cooperación Galega, xa que marca as liñas e as canles nas que se desenvolverá a Cooperación Galega nos próximos anos, dende a Coordinadora Galega como representante do sentir das maioría das ONGD Galegas queremos expresar a nosa **queixa polo escaso tempo concedido** para facer as alegacións, xa que apenas tivemos un prazo de 10 días para levalas a cabo.

Non se trata dunha queixa retórica. A DXRREE da Xunta de Galicia recibiu, as primeiras versión deles xa no mes de decembro do pasado 2009, polo que tivo tempo de sobra para poñer en coñecemento do sector, e en especial das ONGD algún dos borradores que permitisen ás/aos representantes destas no CONGACODE coñecer as liñas forza, as primeiras aproximación aos seus contidos, e por tanto ir preparando as alegacións e as aportacións aos documentos. Ter máis tempo para pensar, reflexionar e debater as alegacións melloraría a calidade das mesmas e polo tanto melloraría o II PD. Debería ter sido elaborado dunha forma máis aberta, máis sosegada na relación cos axentes. Téñase en conta que o equipo redactor, do Instituto Complutense de Estudos Internacionais, se reuniu soamente nunha ocasión coas ONGD, e cando apenas se realizara a fase previa, o diagnóstico do PD anterior.

Outro punto importante é o referente ao equipo redactor do II PD. Consideramos que dada a importancia deste documento e o que vai a significar para todas/os as e os axentes da cooperación galega, para nós era preciso que este equipo fose coñecedor da realidade e da idiosincrasia da Cooperación Galega. O equipo e a Institución que redactou este PD é un equipo e unha institución allea e que nin está incardinada nin coñece a realidade de Galicia, máis aló dos seus rasgos máis salientábeis. Non hai no equipo nin unha soa persoa que formase parte do sector en Galicia, ben no ámbito da sociedade civil, da administración, das universidades, das consultoras ou empresas privadas.

A elección dunha entidade redactora allea á propia Comunidade Autónoma é unha rara avis no panorama dos plans directores da cooperación autonómica. Se no texto se alude en varias ocasións á axenda da eficacia da axuda, á Declaración de París de 2005, cómpre lembrar que un dos cinco principios esenciais da mesma é o da APROPIACIÓN, que consiste en que se lideren determinados procesos dende o propio, dende Galicia neste caso. Consecuentemente con isto, o equipo elixido debería ter sido conformado na súa totalidade ou cando menos en parte por vimbios do tecido galego da cooperación

ao desenvolvemento, para que os froitos do traballo elaborado permanecesen en Galicia ao final do mesmo.

Todo isto, por suposto, non impide -como non podía ser doutra maneira- recoñecer o elevado prestixio do departamento académico que elaborou a proposta e de forma moi especial ao seu director e responsable principal do equipo investigador, o profesor Xosé Antonio Alonso. Trátase sen dúbida dunha das autoridades máis recoñecidas no ámbito das políticas de desenvolvemento en España, e por quen os que asinamos estas liñas profesamos un profundo respecto.

Pero nin el nin o seu equipo coñecen a realidade galega máis ca de xeito superficial, o que debería ter sido valorado no seu momento pola DXRREE e en todo caso, servir para extraer as consecuencias para o futuro.

É certo, finalmente, que a relación persoal do profesor Alonso con Galicia e a experiencia de ter elaborado traballos similares para a administración autonómica hai xa anos pode ter contribuído a diminuír as eivas que queremos salientar con esta nota previa.

ALEGACIONES AO INFORME DE AVALIACIÓN DO I PD 2006-2009

Se criticamos a elección do equipo redactor da proposta do II Plan Director, temos que aplicar a mesma liña de razoamento á elección do equipo avaliador, recoñecendo o acerto desta designación, cun equipo solvente, multidisciplinar, coñecedor da realidade galega e que por suposto, contactou en formas diversas e en varias ocasións coas/os actoras e actores clave para coñecer a súa opinión.

Pasando xa ao seu contido, temos que dicir que estamos de acordo na maioría das conclusións obtidas, algunhas xa coñecidas, ou cando menos sospeitadas, pero cremos que non é este o lugar, nin -dada a premura do tempo dispoñible- o momento para facer puntualizacións sobre o noso acordo neste aspecto, ou o noso desacordo naquel outro.

Unicamente imos facer dúas propostas:

- Unha revisión lingüística do texto, así como a corrección das erratas.
- Unha difusión ampla do traballo, que incluíría a tradución ao castelán do texto para a súa difusión e coñecemento fóra de Galicia, como achega ao conxunto da cooperación descentralizada española. Esa difusión pasaría dentro do noso país por publicar o documento, aínda que sexa de forma sinxela e cunha tiraxe curta, e pola súa presentación pública ás e aos axentes da cooperación galega, ás diferentes administracións, aos partidos políticos, etc.

Non se debe nin moito menos entender esta proposta como una oportunidade para avaliar (e criticar) a xestión realizada pola anterior administración autonómica, de diferente signo político que a actual, senón simplemente de comunicar os acertos, os avances, pero tamén de presentar os erros, sen tapalos nin silencialos, como forma de aprender.

ALEGACIONES Á PROPOSTA DE II PLAN DIRECTOR 2010-2013

As observacións de maior calado son as tres seguintes:

1. Países prioritarios: propóñense catorce

No PD 06-09 as prioridades xeográficas estaban constituídas por dezasete países prioritarios, un referido ás poboacións saharauís e máis tres países preferentes, o que facía un total de 21 países.

Propoñemos reducir esta dispersión a **catorce**, en concreto: os dez que se apuntan no borrador de PD, máis os dous que se citan de forma pouco precisa e que son a poboación saharauí e Haití, incluíndo entón a Cabo Verde e a outro país africano considerado PMA.

En relación coa enunciación da poboación Saharauí e Haití, cabe sinalar a imprecisión con que se lles cita. Fálase de “consideración especial” “axuda de maneira continuada” “tratamento preferente”. Uns cualificativos “especial”, “continuada” e “preferente”, que non se ven reflectidos en ningún indicador, o que sorprende a partir da experiencia do PD anterior, onde se incluía a tres países como “preferentes” sen enunciar en que se materializaba esta cualificación, e o da poboación Saharauí, da que se predicaba una atención “especial” imprecisa.

Para aclarar estas dúbidas, propoñemos incorporalos de maneira clara como países prioritarios (asimilando, como se fai noutras programación á “poboación Saharauí” como país xeográfico, e considerando que a poboación descrita é tanto a residente nos campamentos, como a que vive no Sahara non ocupado ou incluso no ocupado). Esa inclusión, por outra banda, non contén obrigas específicas para cada país, pois a referencia do 80% mínimo refírese ao conxunto dos mesmos. Sirva esta explicación para solucionar as posibles dificultades que se describen no plan con respecto a Haití.

Así mesmo, cómpre sinalar a confusión do documento, que por un lado exclúe a Haití dos prioritarios (apartado 5.1), e por outro lado o inclúe no anexo 2 na táboa final na que se enumeran as principais características socioeconómicas destes países. Unha inclusión que nos permite albiscar as dúbidas coas que se manexou a inclusión ou non deste país dentro das prioridades do plan

Esta proposta permitiría engadir dous países PMA á lista actual, que só contén 2, cando no PD anterior había máis.

Pero ademais a incorporación da poboación Saharauí engade un país africano ás prioridades xeográficas, pois tamén de modo sorprendente, se reducen tamén de 7 a 2, cando a estratexia da cooperación española sinala a África como un obxectivo. Serían 5, de aceptarse a nosa proposta. Cabo Verde, propoñémolo entre os países prioritarios por varias razóns:

- a) Ser país africano
- b) Contar cunha ampla tradición de cooperación galega no país por parte do Fondo galego de Cooperación.
- c) Contar cunha comunidade no noso país, xa integrada desde fai anos.

2. Axencia Galega de Cooperación ao Desenvolvemento

O OE 8.4 apunta que a creación desta Axencia específica (que xa existe noutras sete autonomías), debe servir para impulsar a xestión da axuda. Sen embargo, só se propón implementar este obxectivo mediante a “realización dunha proposta durante o período de vixencia do plan”. Esta plasmación parécenos pobre e anacrónica. Se unicamente se fai esa proposta durante os próximos 4 anos, quere dicir que a existencia mesma da Axencia quedaría postergada para a seguinte lexislatura, 2014-2018, un envite incerto e lonxano dado o descoñecemento das prioridades do goberno que saía das furnas nese momento.

Cómpre lembrar que esa proposta debía, de acordo co expresado pola **Lei 3/2003 galega** de cooperación, estar presente xa no PD 06-09. **Propoñemos por tanto**, que esa proposta se faga xa na primeira metade do ciclo, isto é, en 2010-2011.

3. Orzamento destinado a cooperación. OE 6.1

Trátase sen dúbida dun dos elementos claves do éxito do plan. É innecesario detallar o posto derradeiro que ocupa Galicia na cooperación autonómica e o aumento da distancia con respecto á media desta durante a vixencia do PD anterior. Por iso, a proposta de incrementar os recursos só entre un 50% e un 100% parécenos insuficiente.

Rexeitamos ademais a maneira de facer o cálculo a partir da cifra “dedicada en 2009” (sorprendentemente marcada en 9,58 M de euros cando o PA 2010 chegaba, trala redución da proposta inicial presentada polo bipartito, a 11,7 M de euros. Sorpréndenos

a ausencia dos 2 M de euros restantes?). A cifra de partida debe ser lóxicamente a de 11,7 M, que é a orzamentada en 2009, co que as propostas chegarían de 17,6 a 23,4 M

Pero é que o indicador marcado I.6.1.1 → chegar en 2013 de 13,5 a 18 M euros, cremos que non é demasiado concreto e que esta non é a maneira de expresar o compromiso orzamentario da Xunta de Galicia. A cifra que se debe ofrecer non debe ser o montante absoluto, senón a do esforzo en **porcentaxe do orzamento total consolidado**. Sen coñecer esta, a cifra ofrecida carece de valor como indicador do compromiso da Xunta de Galicia. Débese ofrecer, como o resto de PD autonómicos rigorosos, a cifra porcentual, que permite sinalar o esforzo a partir do aumento previsible ata 2013 do orzamento total da Xunta.

Dende a Coordinadora cremos que un **obxectivo de referencia** é acadar a media do esforzo autonómico, que no 2008 (segundo informe Seguimento PACI dese ano, o último publicado) foi do **0,27%** do orzamento consolidado. Con esta formulación evitamos o sesgo das variacións que se poidan producir no orzamento total da Xunta de Galicia no próximos anos de vixencia do PD. Sería preciso pois, modificar esta cifra en todos os lugares onde apareza compromiso económico.

Xa dunha forma máis sucinta, continuamos con outras alegacións:

4. Propomos que se presenten os indicadores durante o texto, para facilitar a identificación do obxectivo marcado, non soamente ao final, no anexo 1, onde tamén poden quedar como resume. De feito, xa en varias ocasións os indicadores figuran no propio texto.
5. Propomos que (OE 6.1) o obxectivo orzamentario final se marque como porcentaxe dos recursos totais consolidados da Xunta de Galicia, forma tradicional de sinalar o esforzo da AOD autonómica, e que é de feito a usada no capítulo de diagnóstico (cadro 4). A práctica contraria entenderíase como una forma de ocultamento ou distracción estatística
6. Páxina 22: **Debilidades da cooperación galega**

Segundo a nosa opinión a primeira e principal das debilidades é o escaso esforzo orzamentario realizado en materia de AOD pola Xunta de Galicia. Colocar como primeira debilidade o “baixo nivel de previsibilidade da axuda” non consideramos que sexa

correcto. Por tanto debe intercambiarse a orde das debilidades colocadas nos primeiros lugares.

7.- Como criterio xeral cremos que se debe introducir o requisito dunha **antigüidade mínima** de 12 meses no Rexistro Galego de Axentes para poder optar á recepción de fondos públicos.

Puntualizacións ou erratas advertidas

- Páx. 14, primeiro parágrafo. A denominación correcta é a de “*Parlamento de Galicia*”, e non a de “*Asemblea Galega*”
- Para una mellor claridade e permitir unas referencias precisas, propónse que os cadros teñan una numeración correlativa do principio ao fin do documento, e non independente en cada capítulo. Corríxase así mesmo a numeración nas citas do texto.
- Páx. 22, parágrafo quinto, referido ao “tecido social de apoio”. Cremos que a frase final “*Este propósito de coordinación...*” parece estar fora de lugar, xa que se refire á administración, polo que tal vez fose pertinente colocalo no último parágrafo da páxina.
- Páx. 23 e outras. Citar o número e data da Lei Galega de Cooperación, ao igual que se fai con outras referencias legislativas (Lei transparencia 4/2006, lei 9/2007 de subvencións, etc.)
- Anexo 1: I. 1.1.1 Sinala un **25%** cando no cadro 2 da páxina 47 indica 30%
- Anexo1: I.4.1.1 GED- Cambio por XED

Alegacións referidas ao PLAN ANUAL 2010

- Entre as modificacións normativas → modificar ou desenvolver o decreto que regula o Rexistro. Deixar pasar o ano 2010 enteiro, máis o transcurrido desde abril de 2009, parécenos excesivo para a complexidade do asunto, que non parece tanta. Débese facer en 2010.
- En canto ao novo regulamento do CONGACODE, previsto neste apartado po PA 2010, temos presentado alegacións nun documento específico.
- Entre as publicación a realizar, xa sinalábamos no apartado adicado á avaliación d0 I PD 06-09 da necesidade de difundilo e publicalo de forma impresa, obxectivo que reiteramos aquí.
- Proposta de estudo (4.8 ou 3.5???), en colaboración coa CEG, sobre a cooperación internacional realizada polas empresas galegas.

ALEGACIÓNS XERAIS AO PLAN DIRECTOR 2010/2013	
Alegación nº	1
Apartado do texto	Cadro 4: Criterios para a política de cooperación galega
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 30. Criterio 2.
Di	A axuda debe ser previsible
Nova proposta de redacción	A axuda debe <u>aumentar</u> (engadir) e ser previsible
Xustificación da alegación	
Alegación nº	2
Apartado do texto	4.2 obxectivos especiais e específicos. OX. 2.- Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 35, parágrafo 6 liña,3
Di	“O.E. 2.1.- Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat consecuencia do cambio climático ou outras causas ...”
Nova proposta de redacción	“O.E. 2.1.- Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia da acción do home , (engadir) do cambio climático ou outras causas.”
Xustificación da alegación	Definir especificamente que a acción do home é unha das causas específicas do deterioro do medio ambiente é o punto de partida indispensable para saber cara a onde temos que encamiñar as nosas actuacións.
Alegación nº	3
Apartado do texto	4.2 obxectivos especiais e específicos. OX. 2.- Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 35,parágrafo 7 liña,3
Di	“Preténdese reducir a vulnerabilidade das poboacións dos países do sur ante circunstancias que ameazan de forma grave as súas estratexias de supervivencia e hábitat, como por exemplo: furacáns, secas, terremotos, inundacións e tsunamis, entre outras. ...”
Nova proposta de redacción	“Preténdese reducir a vulnerabilidade das poboacións dos países do sur ante circunstancias que ameazan de forma grave as súas estratexias de supervivencia e hábitat, como por exemplo: furacáns, secas, terremotos, inundacións e tsunamis, deforestacións contaminación de acuíferos, humidaís e terras de cultivo (engadir) entre outras..”
Xustificación da alegación	Novamente a inclusións de actividades de deterioro ambiental producidas pola man do home deben estar incluídas

	especificamente polo mesmo motivo indicado na alegación anterior
Alegación nº	4
Apartado do texto	Ámbito 3; OX 12
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 41, O.E. 12.1
Di	“Levarase a cabo nos ámbitos formal e informal...”
Nova proposta de redacción	“...Levarase a cabo nos ámbitos formal, non formal (engadir) e informal”
Xustificación da alegación	Falta a referencia á educación non formal que non é a mesma que a educación informal.
Alegación nº	5
Apartado do texto	Ámbito 3 OX 12, OE 12.1
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 41, parágrafo 4
Di	“...é imprescindible a educación para o desenvolvemento. Levarase a cabo nos ámbitos formal e informal, para lograr un efecto transformador nas actitudes cara á realidade dos países do sur.”
Nova proposta de redacción	“...é imprescindible a educación para o desenvolvemento e a educación para a cidadanía global (engadir) . Levarase a cabo nos ámbitos formal, non formal (engadir) e informal, para lograr un efecto transformador nas actitudes cara á realidade das interrelacións globais que hoxe se dan no mundo, e os efectos sobre a desigualdade e a pobreza ”. (cambiar)
Xustificación da alegación	Non se trata só “dos países do sur”. A educación para o desenvolvemento é imposible sen a educación para a cidadanía global, como cidadás e cidadáns deste planeta temos que saber as responsabilidades dos nosos actos con relación ao ámbito global que é hoxe o mundo, e como as actuacións aquí repercuten nese entorno global. Ese é o xeito de cambiar opinións e percepcións cara “os países do sur”, se as cambiamos cara a integralidade. De aí o concepto de “educación para a cidadanía global”, que se ven desenvolvemento xa dende hai anos.
Alegación nº	6
Apartado do texto	Ámbito 3. OX 13 OE 13.1
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 42, parágrafo 3
Di	“ ademais de promover o alivio das situacións de extrema necesidade, dedique unha parte do seu esforzo a mellorar a capacidade de xerar coñecemento especializado nos países do sur.”
Nova proposta de redacción	(engadir) ...nos países do sur usando unha perspectiva de tecnoloxía para o desenvolvemento humano que non cree dependencias e xenere un desenvolvemento real

Xustificación da alegación	Se se trata de cooperación para o desenvolvemento, non busca simplemente o alivio da extrema necesidade. Ademais todo o que sexa transferencia tecnolóxica e creación de coñecemento especializado como peza clave do desenvolvemento, debería poñer énfase no concepto de tecnoloxía para o desenvolvemento humano, concepto estudado e desenvolvido xa a partir dos conceptos de tecnoloxías apropiadas propostas dende os anos 70.
Alegación nº	7
Apartado do texto	Ámbito 3 OX 13 OE 13.1
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 42, parágrafo 3
Di	“ por parte dos países pobres”
Nova proposta de redacción	“por parte dos países empobrecidos ” (cambiar)
Xustificación da alegación	Pobres non é un termo moi axeitado neste eido.
Alegación nº	8
Apartado do texto	Cadro 2: división sectorial da AOD galega
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 47.
Di	1- Consolidación e fortalecemento: 2% 2- Educación para o Desenvolvemento: 8% 3- Acción Humanitaria: 9%
Nova proposta de redacción	Propomos os seguintes obxectivos: 4- Consolidación e fortalecemento: 4% 5- Educación para o Desenvolvemento: 10% 6- Acción Humanitaria: 10%
Xustificación da alegación	Quitando 2 puntos a Cobertura de necesidades básicas, 2 puntos á infraestrutura e promoción do tecido económico e 1 á Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno.
Alegación nº	9
Apartado do texto	5.3.- Prioridades Sectoriais
Páxina, apartado,	Pax 54
Di	Son múltiples os actores que traballan...destacando especialmente as ONGD, os centros formativos....A ED débese promover....nos distintos espazos: formais e informais
Nova proposta de redacción	Son múltiples os actores que traballan...destacando especialmente as ONGD, os centros educativos....A ED débese promover....nos distintos espazos: formais, non formais (engadir) e informais
Xustificación	Parécenos máis correcto falar de centros educativos que centros formativos. E a inclusión da educación non formal.
Alegación nº	10
Apartado do texto	5.3 Prioridades Sectoriais. Educación para o desenvolvemento
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 55, parágrafo 1, liña 4

Di	“Adicionalmente, cómpre encadrar o voluntariado nunha estratexia de ED que incida especialmente na formación das persoas voluntarias en cooperación ao desenvolvemento”
Nova proposta de redacción	“Adicionalmente, cómpre encadrar o voluntariado nunha estratexia de ED e educación para a cidadanía global que incida especialmente na formación das persoas voluntarias en valores de solidariedade, xustiza e pensamento crítico, tomando o voluntariado como un fin e non cunha perspectiva utilitarista nestas estratexias de ED, e considerándoo como un verdadeiro proceso educativo para a sociedade” (cambiar a redacción)
Xustificación da alegación	O proceso de ED máis forte que se pode lograr no ámbito da cooperación ao desenvolvemento é un proceso de voluntariado acompañado, responsable e de promoción do pensamento crítico e de valores solidarios, dando protagonismo e capacidade de decisión aos voluntarios, moito máis que con accións puntuais e de educación máis ou menos formal. E moito máis que “só cooperación ao desenvolvemento”. A mención do voluntariado e a súa inclusión neste documento é claramente insuficiente e ademais pouco concreta respecto a actuacións que se van facer para promover a súa participación (que debería estar reflectida no OE 12.1 cun indicador específico), como a formación específica dende a Xunta e outras institucións, ou facilitar aos axentes de cooperación que teñen no voluntariado un eixo básico de ED esta formación, a valorización real e recoñecida do traballo destes voluntarios sempre que estea acompañada dunha estratexia de seguimento aos mesmos e a súa participación responsable, sen ser meros executores.
Alegación nº	11
Apartado do texto	5.3. Prioridades sectoriais. Educación para o desenvolvemento
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 55. Parágrafo 3
Di	e tamén se pode facilitar a participación activa do dito colectivo en proxectos de cooperación xestionados pola Xunta nos cales a experiencia nunha determinada área de especialización poida supor unha contribución de alto valor engadido para a realización dese proxecto durante un determinado período de tempo.
Nova proposta de redaccióne tamén se debe fomentar a participación.....da Xunta e do resto dos axentes. Para iso a Dirección Xeral de Función Pública establecerá os mecanismos normativos oportunos. Isto debería fomentarse dende as Consellerías con máis potencialidades como son a de Sanidade e Educación. (engadir)
Xustificación da alegación	
Alegación nº	12
Apartado do texto	5.3. Prioridades sectoriais. Educación para o desenvolvemento
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 55. Parágrafo 4
Di	Na promoción da formación nos ámbitos técnicos da

	cooperación para o desenvolvemento pode ter un papel relevante a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), que pode servir como centro aglutinador das actividades formativas e de sensibilización en cooperación que poida organizar a Xunta.
Nova proposta de redacción	Parágrafo 4: Na promoción..... <u>EGAP e outras (Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria, etc)</u>
Xustificación da alegación	
Alegación nº	13
Apartado do texto	6.01
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 57, parágrafo 4
Di	“ ...en aspectos como a adecuación dos formularios de solicitude,”
Nova proposta de redacción	“...en aspectos como a mellora e adecuación dos formularios de solicitude, tanto no formato do mesmo como na diversidade do estándar de arquivos empregados. (engadir)
Xustificación da alegación	A promoción do Software Libre como tecnoloxía apropiada e tecnoloxía para o desenvolvemento humano vense analizando xa hai tempo, sendo claro que promove a creación de comunidades de usuarios, o uso e desenvolvemento responsable e comunitario de novas tecnoloxías, a non dependencia tecnolóxica, a facilidade da adaptación cultural (idioma, visibilidade), por non falar de valores de pluralidade nos provedores de servizos de software. Ademais non se “obriga” aos solicitantes a usar formatos non estándar, que dificulta aos axentes de cooperación o uso de software libre (e gratuíto) se o desexan, dada a complexidade de táboas e outros elementos que impiden unha correcta visualización e enchido se se facilita o formulario soamente neste formato privativo.
Alegación nº	14
Apartado do texto	6.1.1- Principios xerais para as convocatorias de axudas
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 59. Parágrafo 2º
Di	En sétimo lugar, o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento continuará cumprindo o papel que desempeñou durante o período 2006-2009. Neste sentido, e como sucedeu ata agora, a inscrición no dito rexistro por parte de determinadas entidades será un requisito para poder acceder a axudas, na medida en que así se dispoña en cada unha das convocatorias. Pola súa parte, a Xunta pretende actualizar a información que o rexistro contén, co fin de que constituía unha fonte de información fiable respecto aos diferentes actores que nel aparecen inscritos.
Nova proposta de redacción	En sétimo lugar, o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento <u>deberá cumprir o papel para o que foi creado incumplido no anterior período 2006/09</u> <u>Eliminar “na medida en que así se dispoña en cada unha das convocatorias” pola discrecionalidade que representa.</u>

Xustificación da alegación	
Alegación nº	15
Apartado do texto	6.1.1- Principios xerais para as convocatorias de axudas
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 59. Parágrafo 4º
Di	Estas convocatorias están dirixidas exclusivamente a ONGD. Durante o período 2010-2013, ademais de se teren en conta as consideracións xerais aplicables a todas as convocatorias, promoverase que as propostas financiadas teñan marcos temporais máis longos,
Nova proposta de redacción	Que as propostas financiadas marcos temporais máis longos e aumento na dotación media por proxecto, (engadir)
Xustificación da alegación	
Alegación nº	16
Apartado do texto	6.1.4- Convocatoria de axudas para programas
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 60 Parágrafo 4º
Di	Por outra parte, daráselle continuidade á política de transparencia que se seguiu ata agora en relación cos programas, no sentido de difundir as resolucións das convocatorias correspondentes.
Nova proposta de redacción	Daráselle continuidade a política de transparencia, afondando nela. Supresión do resto
Xustificación da alegación	
Alegación nº	17
Apartado do texto	6.1.5- Convocatoria de axudas para microproxectos
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 60 Parágrafo 5
Di	O microproxecto concíbese como un instrumento dirixido a ONGD xoves,
Nova proposta de redacción	destinados a ONGD xoves ou de orzamento reducido (incluír)
Xustificación da alegación	
Alegación nº	18
Apartado do texto	6.1.6 Convocatorias de axudas para proxectos de ED
Páxina, apartado,	Pax 61
Di	En quinto lugar,potenciarase as actividades destinadas aos ámbitos de educación informal.....
Nova proposta de redacción	En quinto lugar,potenciarase as actividades destinadas aos ámbitos de educación non formal (cambiar)
Xustificación	Pensamos que se refire a esta educación e non a informal.
Alegación nº	19
Apartado do texto	Apartado 6.1.6 e 6.1.7
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 61-62
Di	

Nova proposta de redacción	
Xustificación da alegación	Estamos en desacordo cos criterios de non establecer máximos nestas dúas convocatorias, pola discrecionalidade que outorga a administración e a inseguridade que crea nos solicitantes. En todo caso debería pensarse segundo vaian medrando os recursos na creación dunha convocatoria de Programas de Educación para o Desenvolvemento.
Alegación nº	20
Apartado do texto	6.2.4- Convocatorias de bolsas de formación e contratación de persoal experto
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 65. Bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para levar a cabo actividades na propia Xunta.
Di	Permiten que persoas con formación en cooperación ao desenvolvemento se poidan familiarizar cos procedementos administrativos dunha estrutura governamental, adquirindo unha valiosa experiencia. A continuidade desta oferta de bolsas de formación e prácticas poderá supor o establecemento de marcos de cooperación entre a Xunta e entidades educativas galegas, españolas ou internacionais que lles darán unha relevancia maior ás actividades asociadas á política de axuda.
Nova proposta de redacción	
Xustificación da alegación	Aclarar que quere dicir “entidades educativas, galegas e internacionais...”
Alegación nº	21
Apartado do texto	7.3- Organizacións non governamentais para o desenvolvemento
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 68. Parágrafo último.
Di	Boa parte das ONGD están organizadas a través da Coordinadora Galega de ONGD, que constitúe unha plataforma de coordinación e intercambio de experiencias.
Nova proposta de redacción	Creemos que esta referencia que insinúa dúbidas sobre a representatividade debe de ser substituída pola enunciada na páxina 56 “ unha gran maioría do sector ”.
Xustificación da alegación	
Alegación nº	22
Apartado do texto	7.4- Universidades e outros centros de investigación
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 69 Parágrafo 1º
Di	As universidades, adicionalmente, posúen unha importante capacidade de sensibilización, dado que en torno a elas se aglutinan os colectivos do alumnado e o profesorado...
Nova proposta de redacción	

Xustificación da alegaciónalumnado, profesorado, <u>persoal investigador e PA (engadir)</u>
Alegación nº	23
Apartado do texto	2.4 A distribución sectorial
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 74,
Di	“O.E. 2.1.- Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia do cambio climático ou outras causas.”
Nova proposta de redacción	“O.E. 2.1.- Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia da acción do home (engadir) , do cambio climático ou outras causas.”
Xustificación da alegación	Definir especificamente que a acción do home é unha das causas específicas do deterioro do medio ambiente é o punto de partida indispensable para saber cara a onde temos que encamiñar as nosas actuacións.
Alegación nº	24
Apartado do texto	ANEXOS
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páx. 74. Indicador I. 1.2.1.
Di	Como mínimo, un 20% da axuda desembolsada no exterior destinouse a PMA (países menos adiantados)
Nova proposta de redacción	O indicador 20% debe aumentar conforme os consensos internacionais ata un 25%
Xustificación da alegación	
Alegación nº	25
Apartado do texto	ANEXOS
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páx. 77. Indicador I. 8.3.2
Di	As axudas para microproxectos foron destinadas a ONG xoves que tiñan como máximo cinco anos de existencia
Nova proposta de redacción	5 anos de existencia, cambiar por 5 anos de inscrición no Rexistro ou de reducido orzamento.
Xustificación da alegación	

ALEGACIONES AO PD 2010/2013 NO TEMA DE XÉNERO	
Alegación nº	1
Apartado do texto	Principios da cooperación galega
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 25. Cadro1.
Di	Enumera os cinco principios extraídos do anterior PD
Nova proposta de redacción	Debe incluír un principio nº6. “O desenvolvemento non é efectivo nin equitativo sen equidade de xénero”
Xustificación da alegación	En consonancia coa Declaración de Beijing, ademais de recoñecer que o desenvolvemento debe ser humano e sostible, tamén debe recoñecerse que sen equidade de xénero o desenvolvemento nin é para todas/os nin é sostible no tempo, ao obviar á meirande parte da humanidade, ás mulleres.
Alegación nº	2
Apartado do texto	Declaración de misión
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páx. 25. parágrafo 4
Di	Mediante a cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega pon á disposición dos pobos máis pobres do planeta a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos; súmase aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas, promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento integral, humano e sustentable.
Nova proposta de redacción	(Engadir ao final do parágrafo) desenvolvemento integral, humano e sustentable, con equidade de xénero”
Xustificación da alegación	A equidade de xénero debe aparecer explicitamente na declaración da misión da cooperación galega
Alegación nº	3
Apartado do texto	Principio 1. “O ser humano debe constituír o centro dos esforzos do desenvolvemento”
Páxina XX, parágrafo XX, liña	25. Parágrafo 6
Di	Para acadar este obxectivo, constitúe un requisito primeiro garantir a satisfacción das necesidades básicas das poboacións, <i>...pero é igualmente relevante promover logros noutros aspectos que condicionan a axeitada repartición de ingresos, activos, voz e oportunidades entre os pobos e as persoas.</i>
Nova proposta de redacción	(substitúese a letra en cursiva) ...pero é igualmente relevante promover a equidade de xénero e unha axeitada repartición de ingresos, activos, voz e oportunidades entre os pobos e as persoas.
Xustificación da alegación	A promoción da equidade de xénero e a igualdade de oportunidades constitúen a base para garantir o desenvolvemento do ser humano
Alegación nº	4
Apartado do texto	3.2.2 A Axenda de Eficacia da Axuda

Páxina XX, parágrafo XX, liña	28/29
Di	
Nova proposta de redacción	(Engadir o seguinte paragrafo ao final do punto 3.2.2). A apropiación como principio de eficacia, non pode ir en detrimento da inclusión da perspectiva de xénero nos proxectos e políticas de cooperación dos países receptores.
Xustificación da alegación	Non podemos falar de eficacia da axuda sen incluír o enfoque de xénero na planificación da aplicación da mesma.
Alegación nº	5
Apartado do texto	VARIOS
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 33 punto 1. Páx. 35 OX.1. Páx. 54 paragrafo 3, liña 2
Di	Contribución a redución/loita da/contra a pobreza...
Nova proposta de redacción	(engadir) “e das desigualdades”
Xustificación da alegación	
Alegación nº	6
Apartado do texto	<i>O.E. 1.1.- Priorizar as actividades destinadas á satisfacción de necesidades sociais básicas.</i>
Páxina XX, parágrafo XX, liña	35. parágrafo 1
Di	As necesidades sociais básicas constitúen un elemento primordial para garantir unha vida digna das persoas.
Nova proposta de redacción	(a continuación engadir). A análise destas debe diferenciar entre homes e mulleres, e entre necesidades prácticas e intereses estratéxicos.
Xustificación da alegación	As necesidades básicas non son iguais para homes e mulleres, nin o acceso aos recursos básicos, xa que ámbolos dous están sesgados polo xénero.
Alegación nº	7
Apartado do texto	Obxectivos xerais e específicos
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 37. parágrafo 1. O.E. 4.1
Di	“O.E. 4.1.- Promover o empoderamento das mulleres e incorporar o enfoque de xénero no desenvolvemento a todas as propostas de actuación. O enfoque de xénero é imprescindible en todas as iniciativas de cooperación para o desenvolvemento. Así pois, articularase unha acción decidida para que o enfoque de xénero no desenvolvemento se incorpore de forma efectiva na formulación de proxectos, (engadir aquí o texto de abaixo) igual que se promoverán aquelas iniciativas que favorezan a toma de conciencia do poder individual e colectivo das mulleres, facendo que estas sexan partícipes na toma de decisións de forma plena e autoafirmada. ...”

Nova proposta de redacción	a través de diagnósticos de xénero que non deben só desagregar datos por sexo, senón extraer información sobre a condición e posición das mulleres e homes, as necesidades prácticas e estratéxicas, o reparto dos recursos, a división xenérica do traballo e o reparto do poder político.
Xustificación da alegación	A segunda parte do obxectivo é difusa sobre conceptos básicos do enfoque XED. Malia a que fala de poder individual e colectivo das mulleres non menciona os conceptos básicos de: necesidades prácticas, intereses estratéxicos, condición e posición, sen os cales é imposible a implementación do enfoque XED.
Alegación nº	8
Apartado do texto	Obxectivos Xerais e específicos. OX 3
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páx. 36, apartados 3.2
Di	Por iso se promoverá a defensa dos dereitos humanos como eixe fundamental dos procesos de desenvolvemento aos que Galicia contribúe mediante a cooperación.
Nova proposta de redacción	(a continuación engadir) Así mesmo debese potenciar a participación política das mulleres xa que esta é limitada, para favorecer a súa implicación. Polo tanto débese fortalecer a súa capacidade de incidir, participar e tomar decisións no ámbito público, así como fortalecer o traballo en redes.
Xustificación da alegación	A cooperación baseada no enfoque de dereitos debe incidir na condición necesaria para as transformacións estruturais: suxeitos democráticos, coordinados, capaces y conscientes. Polo tanto debese facer unha mención as desigualdades que sofren as mulleres no ámbito público.
Alegación nº	9
Apartado do texto	Ox. 4.
Páxina XX, parágrafo XX, liña	37. O.E. 4.2
Di	Apoiar as políticas públicas que favorezan a igualdade de xénero e a mobilidade social.
Nova proposta de redacción	(incluír) “de xénero”
Xustificación da alegación	Non se entende a igualdade de oportunidades sen ser entre homes e mulleres. E as políticas redistributivas que queiran xerar igualdade, non poden esquecer ás mulleres
Alegación nº	10
Apartado do texto	O.E. 5.2.- Mellorar a axilidade e a eficacia da resposta humanitaria galega nas fases de emerxencia e reconstrución.
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páx. 37/38
Di	A acción humanitaria é un ámbito de actuación altamente especializado no cal a calidade da planificación e a xestión das intervencións inflúen decisivamente nas súas opcións de

	afectar positivamente as poboacións ás que se trata de axudar. Por este motivo, cómpre traballar para que a resposta por parte da cooperación galega sexa o máis rápida, flexible e adecuada posible a cada contexto. <i>Iso require, entre outras cuestións, unha mellora na planificación e capacidade de xestión dos recursos neste ámbito.</i>
Nova proposta de redacción	(<i>substitúese o texto en cursiva e vermello</i>) Isto require, entre outras cuestións, unha transversalización do enfoque de xénero nas propostas de acción humanitaria e unha mellora na planificación e capacidade de xestión dos recursos neste ámbito
Xustificación da alegación	Non se pode entender unha acción humanitaria eficaz e áxil, sen unha transversalización efectiva do enfoque de xénero, xa que quedaría invisibilizada a maior parte da poboación beneficiaria das propostas de acción humanitaria.
Alegación nº	11
Apartado do texto	Obxectivos xerais e específicos . OX. 8.- Mellorar a planificación e a xestión das intervencións.
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 39, parágrafo último da páxina
Di	Pero, independentemente do avance cara a unha estrutura de xestión diferente, cómpre fortalecer a unidade xestora da política de axuda actualmente existente, dotándoa de <i>máis recursos humanos e técnicos.</i>
Nova proposta de redacción	(<i>substitúese o texto en cursiva e vermello</i>) máis recursos humanos e técnicos, especificamente nas áreas de avaliación e xénero...
Xustificación da alegación	Nos indicadores de éxito deste apartado menciónase especificamente que os recursos humanos serán especialistas en avaliación e xénero, polo que aquí tamén debería reflectirse.
Alegación nº	12
Apartado do texto	Obxectivos xerais e específicos O.X. 12.- Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega.
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 41-42 Apartados 12.1 e 12.2
Di	Apartados OE12.1 e 12.2
Nova proposta de redacción	Debe incluírse un apartado 12.3, no que se especifique que: Os temas de xénero serán prioritarios nos proxectos de educación para o desenvolvemento.
Xustificación da alegación	De pouco serve incluír o enfoque XED nos proxectos de cooperación se non se prioriza a súa difusión a través da ED.
Alegación nº	13
Apartado do texto	Obxectivos xerais e específicos OX.13
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páx. 42 Apartados OE.13.1, OE.13.2, OE.13.3

Di	Apartados OE.13.1, OE.13.2, OE.13.3
Nova proposta de redacción	(incluír ao final do apartado 13.3.) Fomentar a investigación en alianzas estratéxicas para promover a equidade de xénero xunto con movementos de mulleres do Sur. Co obxectivo de transferencia de coñecementos Norte Sur, Sur Norte e así favorecer procesos de desenvolvemento e concienciación a nivel global, a través de centros especializados de investigación.
Xustificación da alegación	As relacións non deben ser horizontais, senón bidireccionais, sobre todo en cuestións para a promoción da equidade de xénero.
Alegación nº	14
Apartado do texto	5.2. Prioridades transversais
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 45. último parágrafo.
Di	Así pois, a consecución dun desenvolvemento máis xusto e eficiente require a promoción da equidade de xénero, que debe estar presente como prioridade en todas as intervencións de desenvolvemento da cooperación galega, calquera que sexa o sector en que se produzan. Para iso cómpre apoiar os procesos de empoderamento das mulleres, tanto nos países desenvolvidos como nos países en desenvolvemento...
Nova proposta de redacción	(engadir a continuación) e O MAINSTREAMING DE XÉNERO, incluíndo ás mulleres na corrente principal das políticas de cooperación
Xustificación da alegación	Empoderamento e mainstreaming (enfoque XED)
Alegación nº	15
Apartado do texto	5.2 Prioridades transversais. Respecto polos dereitos humanos
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 46
Di	Engadir ao paragrafo os dereitos humanos das mulleres
Nova proposta de redacción	Dentro deste enfoque deben recoñecerse os Dereitos Humanos das Mulleres, entre eles os dereitos sexuais e reproductivos: recoñecidos como tal na CEDAW, na Declaración de Viena ou na Declaración de Beijing, na propia resolución 1325 das NNUU sobre muller, paz e seguridade ou no Estatuto de Roma polo que se crea a Corte Penal Internacional, e no que se recollen os delitos de violencia sexual contra as mulleres como crimes de guerra e lesa humanidade.
Xustificación da alegación	En todos estes instrumentos se recoñecen os dereitos das mulleres como dereitos humanos, os cales non poden obviar un enfoque baseado en dereitos, entre eles os dereitos sexuais e reproductivos
Alegación nº	16
Apartado do texto	5.3 PRIORIDADES SECTORIAIS
Páxina XX, parágrafo XX, liña	PAX 47.

Di	NON INCLÚE EMPODERAMENTO DAS MULLERES COMO PRIORIDADE SECTORIAL, NIN SE LLE ASIGNA % DE AOD
Nova proposta de redacción	Xénero debe ser prioridade sectorial e ter asignada unha % fixa da AOD.
Xustificación da alegación	O xénero non debe relegarse a ser unha prioridade transversal a tódalas accións da cooperación galega senón que debe ser tamén unha prioridade sectorial, garantindo así tanto o empoderamento como o mainstreaming de xénero
Alegación nº	17
Apartado do texto	5.3. Prioridades sectoriais (Acción Humanitaria)
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Pax 53, parágrafo 3
Di	A acción humanitaria ten como obxectivo a protección de vidas, prevención e alivio do sufrimento humano, atención ás necesidades básicas e inmediatas e a promoción do restablecemento dos dereitos das poboacións afectadas por crises causadas polo ser humano ou por causas naturais, <i>nunha perspectiva de redución da vulnerabilidade e fortalecemento de capacidades.</i>
Nova proposta de redacción	(substituír o texto en cursiva e vermello) Cunha perspectiva de xénero e có obxectivo da redución da vulnerabilidade e fortalecemento das capacidades de homes e mulleres.
Xustificación da alegación	Non se pode entender unha acción humanitaria sen unha transversalización efectiva do enfoque de xénero, xa que quedaría invisibilizada a maior parte da poboación beneficiaria das propostas de acción humanitaria
Alegación nº	18
Apartado do texto	5.3. Prioridades sectoriais (Acción Humanitaria)
Páxina XX, parágrafo XX, liña	53 parágrafo 4
Di	A AH engade a todo o anterior dimensións adicionais, sobre todo en ámbitos de conflito, como son a protección das vítimas e dos seus dereitos fundamentais a través do acompañamento, o testemuño, a denuncia, a incidencia e a presión política.
Nova proposta de redacción	(engadir) Neste eido da protección ás vítimas, cobra especial relevancia a perspectiva de xénero, sobre todo no relativo á violencia sexual, exercida na maioría das veces contra as mulleres. Polo tanto, o enfoque de xénero debe guiar todas as actuacións de acompañamento, testemuño... que teñan que ver coa violencia sexual, tal e como o recoñece a Resolución 1325 de NNUU ou o Estatuto de Roma que recolle a violencia sexual en conflitos como crime de lesa humanidade.
Xustificación da alegación	E básico facer mención o enfoque de xénero en contextos de conflito, e sobre todo aos instrumentos internacionais que avalan a súa inclusión no tratamento destes contextos.
Alegación nº	19

Apartado do texto	Prioridades sectoriais. ED
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páxina 54, parágrafo 3
Di	Os esforzos neste ámbito encamiñanse cara á construción dunha cidadanía comprometida de forma continuada coa erradicación da pobreza e co desenvolvemento humano sustentable....
Nova proposta de redacción	(engadir) e coa igualdade de xénero
Xustificación da alegación	O xénero debe entenderse como dimensión imprescindible na ED, dende procesos coeducativos.
Alegación nº	20
Apartado do texto	Prioridades sectoriais. ED
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páx. 55, parágrafo 5
Di	Os medios de comunicación teñen unha gran capacidade de xeración e difusión de contidos analíticos entre a cidadanía. Por iso, unha estratexia con vocacións transformadora de ED debe considerar este ámbito para actividades de sensibilización e formación.
Nova proposta de redacción	(engadir) empregando sempre unha linguaxe inclusiva e non sexista.
Xustificación da alegación	Imprescindible para non invisibilizar o empoderamento das mulleres
Alegación nº	21
Apartado do texto	Prioridades sectoriais. Consolidación e fortalecemento de actores
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páx. 56, parágrafo 3
Di	Por último, promoverase a coordinación de actores mediante a creación de espazos específicos de encontro, por exemplo, dedicados a sectores específicos de actuación, como poden ser a pesca, o comercio xusto ou AH.
Nova proposta de redacción	(engadir a continuación) ou a equidade de xénero
Xustificación da alegación	Debe ser un sector específico de actuación no que se promova especialmente o encontro de actores, para mellorar a percepción do sector sobre a necesidade imperante de incluír o enfoque XED nas súas actuacións.
Alegación nº	22
Apartado do texto	6.1.1 Principios xerais para as convocatorias de axudas
Páxina XX, parágrafo XX, liña	Páx. 58. parágrafo 2
Di	Adicionalmente, dada a especial relevancia que a cooperación galega lle quere outorgar á equidade de xénero, as propostas que opten a subvención deberán incluír, como requisito imprescindible, <i>un punto no que se detalle o tratamento específico que se lle deu a esta cuestión no deseño da proposta.</i>
Nova proposta de	(substitúese o texto en cursiva e vermello) unha

redacción		identificación do proxecto con enfoque de xénero, na que se teñan levado a cabo diagnósticos de xénero da realidade sobre a que se quere traballar.
Xustificación alegación	da	Non é suficiente con un cadro no que se explicita o enfoque XED, este enfoque debe permear toda a estrutura de marco lóxico na que se presenta unha solicitude de subvención para un proxecto